



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 8 DE XANEIRO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:06 horas do día 8 de xaneiro de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín (quen se ausenta antes de iniciarse o punto quinto da orde do día), dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez (quen se ausenta antes de iniciarse o punto sexto da orde do día).

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria urxente do 29.12.2014

Non habendo obxeccións, a acta queda aprobada.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 1233/2014 á 1284/2014

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía en relación coa incoación do expediente de declaración de oficio da nulidade da concesión por silencio administrativo dunha excedencia voluntaria a dona xxxx

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente realizada o 29 de decembro de 2014 por 2 votos a favor do grupo do PP e 4 abstencións (2 do grupo socialista, 1 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 01.06.2007 formalizouse contrato de traballo de obra ou servizo determinado con xxxx.

O 14.01.2010 xxxxxx presentou un escrito no que, en base ó artigo 46.2 do Real decreto legislativo 1/1995 polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, solicitaba a concesión dunha excedencia voluntaria como administrativa persoal laboral.

A dita solicitude non foi resolta polo Concello de Fene.

O 01.12.2014 xxxx solicita o seu reingreso ó servizo activo no Concello de Fene con efectos do día 01.01.2015.

O 15.12.2014 mediante resolución de alcaldía núm. 1343/2014 certificouse a produción de silencio administrativo positivo da solicitude presentada por xxxxx o 14.01.2010 e denegouse o seu reingreso solicitado por non existir actualmente neste concello ningún posto vacante de igual ou similar categoría á praza que ocupaba, administrativa laboral.

O 15.12.2014 emite informe o técnico de administración xeral no que sinala:

"[...]

CUARTO.- O silencio administrativo positivo da solicitude presentada por xxxxxxxx prodúcese polo transcurso do prazo de tres meses sen que o Concello de Fene a resolvera e sen prexuízo da facultade do Concello de Fene de revisar de oficio o acto presunto producido conforme ó capítulo I do título VII da LRJAP.

Debe ser analizado se a excedencia voluntaria concedida por silencio administrativo a xxxxxxxx é conforme á normativa vixente ou, polo contrario, recóllese nalgún suposto de nulidade ou anulabilidade conforme ós artigos 62.1 e 63 da LRJAP.

A xurisprudencia, maioritariamente, inclínase por denegar as peticións de excedencia ó persoal laboral temporal ou indefinido e ó funcionario interino sobre a base de que os mesmos están vinculados a unha concreta praza que imposibilita a aplicación do instituto da excedencia voluntaria, caracterizado polo dereito ó reingreso nunha vacante de igual ou similar categoría á súa, posto que suporía situálos nunha posición mais vantaxosa que na que se encontraban. Veamos algúns exemplos:

- Tribunal Supremo

Sentenza 8333/2005, num. de recurso 3796/2004, do 29.11.2005 "Es sabido que la aplicación de la excedencia a los vínculos temporales presenta dificultades prácticamente insuperables. Así lo reconocía expresamente el artículo 26 de la Ley de Relaciones Laborales y en la regulación actual la incompatibilidad absoluta de la excedencia voluntaria con el contrato eventual surge de una simple consideración de la duración máxima de éste con la antigüedad necesaria para acreditar el derecho a la excedencia y con la duración mínima de ésta. En los contratos de obra o servicio determinado y de interinidad la incompatibilidad surge de forma menos directa, pero se imponetambién en la práctica por consideraciones de orden temporal y, desde luego, en atención a la forma del reingreso.[...] La naturaleza de este vínculo y suprovisionalidad llevan a la conclusión de que no puede aplicarse almismo la institución de excedencia voluntaria especial que contempla el artículo 10 de la Ley 53/1984 . En primer lugar, porque la excedencia funciona como una garantía de la estabilidad y esta garantía no existe para el trabajador indefinido no fijo, que tiene un estatuto precario como consecuencia de su irregular contratación, pues la Administración está obligada a proveer la plaza de acuerdo con los procedimientos reglamentarios de selección. Además, la excedencia voluntaria se caracteriza por otorgar al trabajador fijo excedente únicamente "un derecho preferente al reingreso en las vacantes de igual o similar categoría" y este derecho, que puede otorgarse, al trabajador no puede concederse al indefinido no fijo, porque la relación de éste está vinculada exclusivamente al puesto de trabajo que ocupa. Por ello, sólo podría reingresar en la vacante de supuesto de trabajo, nunca en otras, e incluso para aquélla tampoco podría reconocerse este derecho del artículo 46.5 del Estatuto de los Trabajadores , pues precisamente lo que tiene que hacer la Administración es proveer dicha vacante por los procedimientos reglamentarios en orden a asegurar que la cobertura deba producirse respetando los principios de igualdad, mérito y publicidad, con lo que la preferencia está excluida. El trabajador podrá optar a la plaza, pero sólo en los sistemas de provisión externos y en igualdad de condiciones con el resto de los participantes. La incompatibilidad sobrevinida no puede dar al trabajador más derechos de los que tenía. El único eventual derecho que podría tener el trabajador indefinido no fijo sería, si la plaza continuara vacante, el de obtener una adscripción provisional mientras se procede a su provisión definitiva. Pero no es esto lo que se ha solicitado en este proceso". Razoamento que é repetido na sentenza 3437/2006, núm. de recurso 1819/2005, do 03.05.2006.

- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Sentenza 5268/2011, núm. de recurso 5401/2007, do 08.06.2011 "Precisada entones los condicionantes de la excedencia voluntaria, la Sala concluye con el juez de instancia, que no es posible extender sus efectos o lo que es lo mismo, reconocerle el derecho al personal laboral con contrato indefinido, porque, siguiendo lo yaseñalado por la Sala en su sentencia de 10 de mayo de 2010, (Rec. 6299/06), no cabe para el personal temporal, yasea en sentido propio o indefinido por cuanto este, a diferencia del personal temporal propio, solo ostenta el derecho a no poder ser cesado en atención a la temporalidad mas no acredita ningún otro derecho propio del personal fijo, por lo que carece del derecho a colocarse en situación de excedencia voluntaria; así lo ha entendido Sentencia



Tribunal Supremo de 3 mayo 2006 alseñalar que "el estatuto del trabajador indefinido no fijo se aproxima a la interinidad por vacante desde el momento que la existencia del vínculo pende de la provisión del puesto desempeñado a través de los procedimientos legales. La naturaleza de este vínculo y suprovisionalidad llevan a la conclusión de que no puede aplicarse al mismo la institución de excedencia voluntaria especial que contempla el artículo 10 de la Ley 53/1984 . En primer lugar, porque la excedencia funciona como una garantía de la estabilidad y esta garantía no existe para el trabajador indefinido no fijo, que tiene un estatuto precario como consecuencia de su irregular contratación, pues la Administración está obligada a proveer la plaza de acuerdo con los procedimientos reglamentarios de selección. Además, la excedencia voluntaria se caracteriza por otorgar al trabajador fijo excedente únicamente "un derecho preferente al reingreso en las vacantes de igual o similar categoría" y este derecho, que puede otorgarse, al trabajador no puede concederse al indefinido no fijo, porque la relación de éste está vinculada exclusivamente al puesto de trabajo que ocupa. Por ello, sólo podría reingresar en la vacante de supuesto de trabajo, nunca en otras, e incluso para aquélla tampoco podría reconocerse este derecho del artículo 46.5 del Estatuto de los Trabajadores , pues precisamente lo que tiene que hacer la Administración es proveer dicha vacante por los procedimientos reglamentarios en orden a asegurar que la cobertura deba producirse respetando los principios de igualdad, mérito y publicidad, con lo que la preferencia está excluida. El trabajador podrá optar a la plaza, pero sólo en los sistemas de provisión externos y en igualdad de condiciones con el resto de los participantes. La incompatibilidad sobrevinida no puede dar al trabajador más derechos de los que tenía", razones todas que abonan la revocación de la resolución recurrida y la desestimación de la demanda rectora de los autos. "Si bien dicha sentencia contempla la situación de excedencia voluntaria por incompatibilidad, los argumentos en ella contenidos son extensibles a cualquier situación de excedencia voluntaria, dado que el trabajador indefinido no conserva derecho a volver supuesto, sino a mantenerlo mientras está en activo, es más, lo que la demandante interesó en su demanda, y ahora en el recurso, "que se declare que la actora como personal laboral indefinido tiene derecho a la excedencia voluntaria solicitada...y ello en tanto no se cubra la plaza que le corresponde ocupar en forma reglamentaria" solicitando dicha situación única y exclusivamente en relación a la plaza que ocupa en tanto no se acubierta, ni le correspondería al trabajador con contrato fijo, porque la excedencia voluntaria no genera derecho alguno a la plaza que se venía ocupando, sino una expectativa de derecho sobre una plaza vacante de igual o similar categoría".

Sentencia 5427/2011, núm. de recurso 931/2008, do 28.11.2011 "Porque cuestión similar a la aquí enjuiciada, ya fue resuelta por esta misma Sala, entre otras, en la Sentencia de 20 de junio de 2011 (recurso 6027/2007) (JUR 2011/266306), en la que se citan otros supuestos precedentes, como las SSTSJ Galicia 17/09/10 R. 375/07 y 16/05/02 R. 275/02 , señalándose que quien no ostenta la condición de fijeza no puede obtener una declaración de excedencia en un puesto de trabajo que desempeña interinamente, dado que ésta exige una causa que la justifique y admitir la situación de excedencia en el interino sería dejarsin causa el contrato temporal. Es más, la doctrina afirma -en conclusiones extrapolables al caso presente- que la excedencia voluntaria por incompatibilidad [artículo 10 Ley 53/1984] no procede respecto al personal que tiene reconocida la condición de indefinido no fijo [en definitiva, el denominado interino] (SSTS 29/11/05 -rcud 3796/04 -; y 03/05/06 -rcud 1819/05 -), «en primer lugar, porque la excedencia funciona como una garantía de la estabilidad y esta garantía no existe para el trabajador indefinido no fijo, que tiene un estatuto precario como consecuencia de su irregular contratación, pues la Administración está obligada a proveer la plaza de acuerdo con los procedimientos reglamentarios de selección. Además, la excedencia voluntaria se caracteriza por otorgar al trabajador fijo excedente únicamente "un derecho preferente al reingreso en las vacantes de igual o similar categoría" y este derecho que puede otorgarse al trabajador no puede concederse al indefinido no fijo, porque la relación de éste está vinculada exclusivamente al puesto de trabajo que ocupa. Por ello, sólo podría reingresar en la vacante de supuesto de trabajo, nunca en otras, e incluso para aquélla tampoco podría reconocerse este derecho del artículo 46.5 del Estatuto de los Trabajadores, pues precisamente lo que tiene que hacer la Administración es proveer dicha vacante por los procedimientos reglamentarios en orden a asegurar que la cobertura deba producirse respetando los principios de igualdad, mérito y publicidad, con lo que la preferencia está excluida».

[...] Y en este asunto, la negativa del derecho a la excedencia voluntaria al personal indefinido, no implica una discriminación respecto del personal fijo, ya que, según la doctrina del Tribunal Constitucional que se deja expuesta, la discriminación exige un trato desigual ante situaciones iguales, condición que no se cumple en el presente supuesto, por cuanto la condición de personal laboral fijo y la del indefinido no son equiparables".



Sentenza 5885/2012, núm. de recurso 5205/2009, do 29.11.2012 "La naturaleza de este vínculo y suprovisionalidad llevan a la conclusión de que no puede aplicarse al mismo la institución de excedencia voluntaria especial que contempla el artículo 10 de la Ley 53/1984. En primer lugar, porque la excedencia funciona como una garantía de la estabilidad y esta garantía no existe para el trabajador indefinido no fijo, que tiene un estatuto precario como consecuencia de su irregular contratación, pues la Administración está obligada a proveer la plaza de acuerdo con los procedimientos reglamentarios de selección. Además, la excedencia voluntaria se caracteriza por otorgar al trabajador fijo excedente únicamente un derecho preferente al reingreso en las vacantes de igual o similar categoría y este derecho, que puede otorgarse, al trabajador no puede concederse al indefinido no fijo, porque la relación de éste está vinculada exclusivamente al puesto de trabajo que ocupa. Por ello, sólo podría reingresar en la vacante de supuesto de trabajo, nunca en otras, e incluso para aquélla tampoco podría reconocerse este derecho del artículo 46.5 del Estatuto de los Trabajadores, pues precisamente lo que tiene que hacer la Administración es proveer dicha vacante por los procedimientos reglamentarios en orden a asegurar que la cobertura deba producirse respetando los principios de igualdad, mérito y publicidad, con lo que la preferencia está excluida. El trabajador podrá optar a la plaza, pero sólo en los sistemas de provisión externos y en igualdad de condiciones con el resto de los participantes. La incompatibilidad sobrevinida no puede dar al trabajador más derechos de los que tenía".

- Tribunal Superior de Xustiza de Asturias

Sentenza 2779/2012, núm. de recurso 2339/2012, do 30.10.2012 "El motivo de recurso no puede ser acogido. En efecto, el último párrafo del apartado 1º ya excluye el derecho de la actora a acceder a la excedencia voluntaria que demanda, pues un ombramiento para la Administración autonómica es de carácter temporal. Exclusión que no entraña discriminación alguna, conforme se pretende por la recurrente a través de la censura jurídica que articula. En este sentido se pronuncian sentencias de esta Sala en supuestos análogos, entre otras las de 27 de enero y 17 de febrero de 2.012, en las que, reproduciendo la doctrina jurisprudencial al respecto declaran:

"...la doctrina unificada (Sentencias del Tribunal Supremo de 29 de noviembre de 2.005 y 3 de mayo de 2.006), en supuestos que guardan una conexión con el que ahora se analiza referidos a situaciones de excedencia por incompatibilidad ha declarado que la naturaleza de este vínculo y suprovisionalidad llevan a la conclusión de que no puede aplicarse al mismo la institución de excedencia voluntaria especial que contempla el artículo 10 de la Ley 53/1984, que dispone que quienes accedan por cualquier título a un nuevo puesto del sector público que, con arreglo a esta Ley, resulte incompatible con el que vinieran desempeñando habrán de optar por uno de ellos dentro del plazo de toma de posesión y añade que la falta de opción en el plazo señalado se entenderá que optan por el nuevo puesto, pasando a la situación de excedencia voluntaria en los que vinieran desempeñando.

Los argumentos que ha aplicado la doctrina unificada para aplicar este régimen a los trabajadores con contrato indefinido, no fijo, son los siguientes: "En primer lugar, porque la excedencia funciona como una garantía de la estabilidad y esta garantía no existe para el trabajador indefinido no fijo, que tiene un estatuto precario como consecuencia de su irregular contratación, pues la Administración está obligada a proveer la plaza de acuerdo con los procedimientos reglamentarios de selección. Además, la excedencia voluntaria se caracteriza por otorgar al trabajador fijo excedente únicamente 'un derecho preferente al reingreso en las vacantes de igual o similar categoría' y este derecho, que puede otorgarse al trabajador, no puede concederse al indefinido no fijo, porque la relación de éste está vinculada exclusivamente al puesto de trabajo que ocupa. Por ello, sólo podría reingresar en la vacante de supuesto de trabajo, nunca en otras, e incluso para aquélla tampoco podría reconocerse este derecho del artículo 46.5 del Estatuto de los Trabajadores, pues precisamente lo que tiene que hacer la Administración es proveer dicha vacante por los procedimientos reglamentarios en orden a asegurar que la cobertura deba producirse respetando los principios de igualdad, mérito y publicidad, con lo que la preferencia está excluida.... "

Es cierto que el artículo 15.6 del Estatuto de los Trabajadores establece que los trabajadores con contratos temporales y de duración determinada tendrán los mismos derechos que los trabajadores con contratos de duración indefinida. Pero tal equiparación lo es sin perjuicio de las particularidades específicas de cada una de las modalidades contractuales en materia de extinción del contrato, tal como indica el propio precepto. Y, en esta materia, la aplicación del régimen jurídico de la excedencia voluntaria, presenta dificultades directamente relacionadas con la forma de reingreso, porque el derecho preferente al reingreso en las vacantes de igual o similar categoría no puede concederse



altrabajador con contrato indefinido, no fijo, porque la relación que éstemantiene está vinculada exclusivamente con el puesto de trabajo que ocupa".

La exclusión de los trabajadorestemporales, así como de los funcionarios interinos, del acceso a la excedencia voluntaria por pasar a prestar servicios en el ámbito público, no vulnera el principio de igualdad que proclama el artículo 14 de la Constitución española, conforme se alega en la impugnación del recurso mediante la invocación de la Sentencia de la Sala Tercera del Tribunal Supremo, de 23 de diciembre de 2.008 . Por otra parte, como declara la resolución recurridaal final del Tercero de los Fundamentos de derecho, "la situación de la demandante no permite su incardinación en ninguna de las otras excedencias previstas en los artículos 38 a 43 del Convenio de aplicación".

Sentenza 149/2012 núm. de recurso 2502/2011, do 20.01.2012. Este sentenza segue unha posición intermedia entre a concesión da excedencia tal e como está regulada no ET e a súa denegación total ó persoal non fijo. A posición intermedia supón modular o dereito á excedencia do persoal laboral non fijo ó limitalo de xeito particular e concreto ó posto que de xeito provisorio se ocupa, posto que o traballador encóntrase ligado a un solo e concreto posto de traballo, sinalando que a xurisprudencia (Tribunal Supremo) non pecha de xeito absoluto a excedencia ó persoal laboral non fijo. Esta posición intermedia non foi seguida, sen embargo, na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 5268/2011. A sentenza 149/2012 sinala "La sentencia de la Sala, sin embargo, no ampara la pretensión del actor en toda la extensión que éste reclama, pues no atribuye a los trabajadorestemporales de la Administración demandada la posibilidad de alterar los límites de su contrato temporal valiéndose del ejercicio de la excedencia voluntaria, ni tal fue el objeto del proceso. Quien, como el demandante, está vinculado con la Administración empleadora por un contrato de interinidad, solo puede ejercer ese derecho dentro del marco regulador de esta modalidad contractual, que liga altrabajador temporal con un solo y concreto puesto de trabajo: el que ocupa, bien para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva de puesto de trabajo, bien para cubrirlo temporalmente, mientras está vacante, hasta la finalización del proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva (arts. 15.1 c) del Estatuto de los Trabajadores y 4 del Real Decreto 2720/1990), como ocurre en el caso presente. La excedencia voluntaria ordinaria, cuyo reconocimiento se hace depender en el art. 46.2 del Estatuto de los Trabajadoresólo de la antigüedad del trabajador en la empresa (al menos un año), no desliga al demandante del puesto de trabajo que ocupaba en régimen de interinidad y, por tanto, únicamente le confiere el derecho preferente al reingreso en ese mismo puesto, si está vacante y no hubieraconcurrido una de las causas reglamentarias de extinción del contrato de trabajo temporal concertado. Tampoco la excedencia voluntaria por incompatibilidad, que fue la solicitada, permite alterar el estatuto del trabajador temporal. Este tipo de excedencia es aplicable al demandante pues con carácter general lo es al personal temporal en virtud de los arts. 2.1 b) y 10 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del personalal Servicio de las Administraciones Públicas, alextender las reglas de incompatibilidad y sus consecuencias a quienes por cualquier título accedan a un nuevopuesto del sector público que resulte incompatible con el que vinieran desempeñando. Pero la excedencia voluntaria que origina, respecto del puesto descartado en la opción que el demandante ha realizado entre los incompatibles, que sería igualmente el más antiguo de no haber hecho opción expresa, no transmuta el contrato de interinidad inicial.

Ninguna de las invocaciones normativas del recurso permite ir más allá en la interpretación y aplicación de las normas en juego, puessupondría transformar, contra las previsiones legales y reglamentarias, la naturaleza y efectos del tipo contractual específico a cuyo amparo se desenvuelven la prestación de servicios y los derechos y obligaciones que la delimitan.

Esta solución no es contraria a los criterios sentados en la jurisprudencia. Las sentencias del Tribunal Supremo Sala Cuarta, de 3 de mayo de 2006 (rec. 1819/2005) y de 29 de noviembre de 2005 (rec. 3796/2004), cuyadoctrinaconstituye el fundamento de la sentencia de instancia para desestimar la demanda, ante el supuesto de trabajadores indefinidos no fijos señalan que la naturaleza de este vínculo y suprovisionalidadllevan a la conclusión de que no puede aplicarse almismo la institución de excedencia voluntaria especial que contempla el artículo 10 de la Ley 53/1984 , pero no cierran el paso de forma absoluta, pues como indica la de fecha 3 de mayo de 2006, "el único eventual derecho que podría tener el trabajador indefinido no fijo sería, si la plaza continuara vacante, el de obtener una adscripción provisional mientras se procede a su provisión definitiva".

En el caso presente, el recurso expresa la posibilidad de modulación de los efectos de la excedencia, aunquealconcretarlossobrepasa las consecuencias permitidas, de acuerdo con lo hasta



ahoraexpuesto. Ciertamente la posibilidad de reingreso del actor al fin de la excedencia es tan limitada, de acuerdo con lo razonado en los fundamentos precedentes, que reduce el ámbito del derecho hasta convertirlo en prácticamente ilusorio, pero es la consecuencia que resulta de la aplicación de nuestro ordenamiento y la única que la Sala puede pronunciar”.

QUINTO.- Tendo en conta o analizado, non procedía conceder a excedencia solicitada por xxxxxxxxxxxx posto que a mesma estaba contratada cun contrato de traballo de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado polo que carecía dos dereitos que o artigo 46 do ET contemplaba.

Debe terse en conta, ademais, que no expediente consta informe da secretaria do Concello de Fene do 14.01.2010, Pilar María Pastor Novo, no que se informaba desfavorablemente a solicitude de excedencia voluntaria solicitada.

O artigo 62.1.f) da LRJAP recolle como actos administrativos nulos de pleno dereito “Los actos expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición”.

Conforme a todo o exposto, o Concello de Fene debe instruír expediente para declarar de oficio a nulidade do acto presunto producido -estimación da solicitude de xxxxxxxxxxxx de excedencia voluntaria contemplada no artigo 46.2 do ET- conforme ó artigo 102 da LRJAP”.

Tendo en conta o sinalado, de conformidade coa normativa vixente e previo ditame da comisión informativa correspondente propoño ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Incoar expediente para declarar de oficio a nulidade da concesión por silencio administrativo da excedencia voluntaria regulada no artigo 46 do Real decreto legislativo 1/1995 (ET) solicitada por xxxxxx

SEGUNDO.- Nomear instrutor do procedemento ao concelleiro de persoal correspondente dándolle traslado de cantas actuacións existan e habilitalo para que realice todas as actuacións que considere precisas e, en particular, redactar a proposta de resolución e a remisión das actuacións ao Consello Consultivo de Galicia para que emita o preceptivo ditame.

TERCEIRO.- Ultimada a instrucción e elaborada a correspondente proposta de resolución, remitiranse as actuacións ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia para a emisión do preceptivo ditame

CUARTO.- Conceder un prazo de audiencia de 10 días hábiles a xxxxxxxxxxxx aos efectos de que presente as alegacións e documentos que estime pertinentes.

Fene, 15 de decembro de 2014
O alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal”

Abre o debate o concelleiro de persoal, Alejandro Dopico Rodríguez, que di que o expediente xa se consultou na comisión e non hai nada novo dende aquela; trátase de declarar a nulidade da concesión por silencio administrativo da excedencia.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que como xa comentaron na comisión e, a pesar do informe da secretaria, considera que a lexislación é inxusta á hora de protexer aos traballadores que están na situación de facto desta traballadora, en canto ao non concederlle dereitos que si poden desfrutar o resto dos compañeiros e que si podería ter dubidosa aplicación sobre contratos temporais con data de finalización, pero non se entende cando é a administración quen condena aos traballadores a seguir cunha situación de facto do seu contrato sen poder consolidar a súa praza e logo, como consecuencia disto, non teñen os dereitos do resto do cadro de persoal que si tivo a opción a consolidar.

Considera que o feito de non ter contestado e que a concesión fose por silencio administrativo deixou á traballadora nunha situación de indefensión que non se tería dado se no seu momento se



procedera á contestación. Por todo isto, o seu grupo vaise situar do lado da traballadora e non apoiará a nulidade proposta.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que, logo de revisar o expediente, o Concello cometeu un erro hai uns anos e isto non pode prexudicar a unha traballadora, que ademais o único que se conseguiría sería xudicializar un procedemento. Destaca que neste caso non se prexudica a ninguén e que a administración non perde absolutamente nada e non hai ningún atranco respecto dos dereitos de terceiros, por iso entenden, sen entrar no amparo que a lexislación ten para este tipo de traballadores, si que cómpre que cando exista unha praza se lle oferte a esta traballadora en primeiro termo. Están en contra de que con carácter retroactivo e 4 anos despois se revise unha cuestión que prexudica á traballadora, xa que se a traballadora dende un primeiro momento soubese que a excedencia se lle ía informar negativamente probablemente seguiría traballando aquí.

Tamén di que dende o ano 2012 non hai oferta de emprego público por estar prohibidas, agás cuestións moi excepcionais, e pensa que empregar a esta traballadora é un bo xeito de reforzar determinados servizos ou cubrir vacantes, xa que así se aproveitaría a existencia dunha traballadora que ten pasado un proceso selectivo e que ten experiencia neste concello. Por todo iso o seu grupo votará en contra.

De seguido fai uso pada palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que con independencia do xusta ou inxusta que pode ser a lexislación, entende que aquí houbo un erro no seu momento e, polo tanto, agora a prexudicada é a traballadora. Comparte o dito polo grupo municipal do BNG e votará en contra da proposta.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de persoal, Alejandro Dopico Rodríguez, que di que quere aclarar o dito polo concelleiro do BNG en relación a que a traballadora pasou un proceso selectivo, xa que en base aos informes e ao expediente isto non foi así. Di que a traballadora pediu unha excedencia e a administración non lle contestou, que a traballadora marchou o día 18 cando a administración estaba en prazo para contestar e supón que todo sería á presa e correndo para incorporarse en Santiago. Indistintamente disto, e segundo o que xa dixo na Comisión, respecto deste expediente, non se trata de revisar contrato ningún pero a administración ten que revisar isto por ser un acto nulo, sen entrar a dicir quen é culpable. Os informes din que no seu día non lle correspondía a excedencia que solicitou, logo a traballadora solicitou o reingreso antes dos 5 anos para que non se entendera como unha renuncia á excedencia concedida por silencio administrativo, pero á súa vez a administración di que hai que anular aquilo que se concedeu por silencio; no seu día a secretaria xa informou que non tiña dereito á excedencia.

Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación ao obter 6 votos a favor do grupo do PP e 11 en contra (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

4. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG sobre a creación dunha tarifa eléctrica galega

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene realizada en data 29 de decembro do 2014 por 3 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto) e 4 abstencións (3 do grupo municipal PP e 1 do grupo municipal PSOE):

“MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de



electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrescentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,0%
2002	37,7%
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	<i>O INEGA aínda non publicou os datos</i>

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxé á política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollese a posibilidade –aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.



Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida das persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidades de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito –sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

Fene, 18 de decembro de 2014
O portavoz"



Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que se trata dun tema de triste actualidade, por iso o BNG está presentando esta moción no maior número de concellos posibles, porque cren que é en beneficio de todos os galegos e galegas.

Prosegue a dicir que quere facer fincapé en que non se trata de falla de solidariedade, senón que esa solidariedade que Galicia ten cos demais tamén a teñen que ter con Galicia e todos os problemas medio ambientais que se orixinan como consecuencia da produción da enerxía tiñan que estar compensados. Ao mesmo tempo, o poder adquisitivo das pensións e dos salarios de Galicia é máis baixo ca no resto do Estado e en cambio o prezo da electricidade é igual para todos.

Hai unhas premisas que son básicas: Galicia é a primeira produtora de enerxía eléctrica do Estado, ten mala calidade na subministración eléctrica, hai case 455.000 persoas con dificultades para pagar as facturas de luz e do gas; hai milleiros de postos de traballo en risco en factorías como Alcoa, Megasa ou Ferroplan, que dependen destas rebaixas de enerxía.

Nos últimos anos a factura da luz subiu un 77%, o maior incremento de toda a Unión Europea e empresas como Endesa obtiveron un beneficio industrial de 14.400 millóns de euros, o que significa que aínda que fixera unha rebaixa seguiría tendo beneficios moi importantes. Tamén hai que ter en conta que para os pequenos comercios e a hostalería, o gasto da luz é un dos máis importantes e, indo máis alá, unha parte moi importante dos orzamentos municipais adícanse ao pagamento da factura eléctrica. Por todo isto di que a moción está máis que xustificada.

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que está de acordo co fondo da cuestión que se está a tratar, considera que non só Galicia, senón o conxunto do mercado español se no seu día houbo un "pelotazo" do sector inmobiliario que nos levou á situación que se vive hoxe en día, o seguinte "pelotazo" non lle cabe ningunha dúbida que está no sector enerxético e a súa punta de lanza está no sector eléctrico, que conta cun conxunto de procedementos farragosos, complexos e difíciles de definir para abordar absolutamente todo, dende o sistema tarifario, o sistema de produción ou o sistema de libre competencia, que pensa que directamente non existe nin tivo vocación de existir nunca. Neste senso, non pode deixar de apoiar unha moción que camiñe neste sentido e que solicite un sistema máis xusto para o sistema tarifario, pero considera que esta cuestión non se pode separar da cuestión nacional, polo que presenta a seguinte emenda transaccional que é aceptada polo voceiro do grupo do BNG e que se engade á proposta de acordo:

"Instar ao goberno central a instalar un sistema de tarificación xusto e equitativo."

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que considera que a moción está suficientemente explicada e, como xa adiantou na comisión, vai votar a favor.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di respecto da intervención do voceiro do grupo municipal do BNG, que a día de hoxe non existe ningunha orde de peaxes aprobada para 2015 en referencia ao dito polo Ministro de Industria en canto ao principio de solidariedade das Comunidades Autónomas; é certo que a día de hoxe o goberno central está estudando aprobar o réxime de peaxes, pero non para aprobar unha tarifa ad hoc para o País Vasco, será unha tarifa de peaxe que afectará ás Comunidades Autónomas que cumpran unha serie de niveis concretos. Se se está nesta situación débese á unha mala xestión e por erros que se cometeron no pasado no sector da enerxía no que se negociou mal o prezo da enerxía. Comparten que é certo que Galicia é a máxima produtora de enerxía eléctrica e os custes son máis baratos, pois non hai custes de transporte, pero tamén é certo que hai que ter en conta o principio de solidariedade do Estado español. Aqueles erros viñeron daquelas previsións futuribles que se fixeron logo daqueles brotes verdes que esperaban que a partir do ano 2005-2007 o PIB ía chegar a uns parámetros dun 25% e apenas chegou a un 2%; o aumento das comunidades produtoras de enerxía fotovoltaica e solar levaron a esta situación, que supón asumir o custe daquelas infraestruturas eléctricas. O goberno municipal de Fene non pode estar de acordo con que as grandes empresas teñan que estar sometidas a unhas poxas anuais que son as que lle fixan o prezo da luz e os que dirixen a rendibilidade de empresas como Megasa. É certo que cando a base está mal, continúa mal, pero existía un problema e non se fixo nada por arranxalo durante case 8 anos. Por todo isto, anuncia a abstención do seu grupo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que anima ao PP a que vote a favor. A proposta de aprobación do Estado coincide cunha orde ministerial que modifica todas as peaxes de alta tensión, o que na práctica se traducirá en que as industrias do País Vasco pagarán menos pola taxa da rede. A orde ministerial publicouse o 22.12.2014. Se isto é



froito dunha negociación co PNV, sírvelle ao seu partido para insistir nesto. Esta orde ministerial creou, o que non se podía facer en teoría, un novo subtramo nas peaxes de alta tensión entre 30 e 36 kw, especialmente utilizados polas empresas vascas, o que supón que rebaixa un 15% o termo de potencia e un 12,3 en termos de enerxía, así que a rebaixa que se pide aquí xa a teñen en Euskadi.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

-Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendoá condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

- Instar ao Goberno Central a instalar un sistema de tarificación xusto e equitativo.

5. Mocións urxentes

Non se presentan.

6. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación coa reforma nos parques infantís que se fixo a principios do verán xa preguntaron na Comisión e noutros Plenos e segue sen obter resposta. O resultado final é que o contrato aprobado na Resolución da alcaldía 444/2014 por algo máis de 37.000 euros para o desenvolvemento de distintas actuacións nos parques infantís, que inclúe en 6 deles partidas definidas de igual xeito (certificación por empresa homologada da área de xogos e elementos ao Decreto 245/2003, por importe de 210,00 euros máis o IVE) das que non se ten executado nada.

A explicación que lle deu a Alcaldía non só é incorrecta, senón que ademais é falsa, porque informou que estas partidas de homologación correspóndense coa certificación de cada peza substituída, das que a empresa subministradora debe xustificar o cumprimento da normativa europea aplicable, pero esa non é a definición de tales partidas, xa que fan referencia á área de xogo e aos seus elementos. Por iso di que isto segue sen explicación e pregunta, ¿que pasou con esa partida?. O Concello segue sen actuar e os parques seguen sen estar certificados, por iso roga que lle dean unha explicación neste pleno ou de aquí a unha semana sobre esta cuestión, porque senón terá que tomar as medidas legais que correspondan, para que se expliquen eses case que 1.500 euros e saber a onde foron parar.

Contesta o alcalde dicindo que ten unha contestación por escrito suficientemente aclarada e se considera que a contestación non está clara, que solicite máis aclaración, a cal, se quere, tamén se lle dará por escrito. Sen ter o coñecemento completo do expediente neste momento, pensa que o que non se pode facer é certificar a totalidade da área cando se cambiou un só xogo ou unha reparación. Tamén sabe que hai un informe que recolle todas as reparacións que se deben facer para certificar e homologar os parques infantís conforme á normativa, que ten un importe de 68.000 euros.

- En relación co preguntado na última comisión, sorprendeulles as contestacións do concelleiro de servizos cando se lle preguntou polos traballadores externos que fan tarefas para o concello, que ata hai uns días tiñan contabilizado máis de 10, o que así confirmou o concelleiro de servizos. Tamén contestou que o sistema de contratación das empresas Sytgal e Aníbal Souto era verbal, por iso preguntalle ao alcalde, logo de ter criticado en diversas ocasións a contratación verbal que fixeron os anteriores gobernos, na súa maior parte producidos pola falla de capacidade operativa do concello para normalizar estas situacións, ¿mantén a alcaldía o mesmo criterio das contratacións verbais no caso do seu concelleiro de servizos que está contratando verbalmente cantidades importantísimas de orzamento, segundo o que el mesmo dixo na comisión?. Tamén se lle preguntou ao concelleiro de



servizos na comisión se se fixeron as retencións de crédito necesarias para afrontar estes pagamentos e deulles a calada por resposta, por iso pregunta, ¿estanse facendo as retencións de crédito necesarias para pagarlles a estas empresas ou estase contratando ao chou?.

Preguntóuselle ao concelleiro de servizos pola súa relación coa empresa Aníbal Souto e Sitgal e respondeu que a unha a coñeceu cando comezou a traballar neste concello e a outra de antes: ¿cal é a empresa que coñeceu cando chegou ao concello e cal é a empresa que xa coñecía de antes?, ¿que relación tiña con dita empresa?, ¿coñece o concelleiro a empresa Crislimp e se sabe que relación ten dita empresa coa empresa Sitgal? e ¿parécelle razoable que se manteña unha media de contratación de 10 ou 11 traballadores externos sen que se coñeza proxecto sobre o que están actuando cada un deles coa única xustificación de que hoxe fan falla albaneis ou mañá barrendeiros segundo o caso?. En definitiva quere saber se na área de servizos hai algún tipo de control, orde ou planificación ou se isto é gastar ao chou e de calquera xeito e cal é o criterio do alcalde respecto das contratacións verbais.

Contéstalle o alcalde respecto se pensa que é correcta a contratación verbal ou non e dille que non, que ben sabe que neste concello estaban contratadas unha serie de empresas que o seu goberno, na medida do posible e na medida que a oposición lle deixou, se regularizaron, como o mantemento e limpeza das instalacións deportivas, o contrato de prestacións de servizos sociais por máis de 350.000 euros; as altas, baixas e modificacións catastrais, tamén quixeron sacar o servizo de limpeza dos colexios pero non puideron porque a oposición non aprobou a partida correspondente. Por iso na medida do posible, tendo en conta que son 6 concelleiros e que non teñen maioría absoluta, tentan sacar aqueles asuntos que pensan que están mal. Ante o que dixo que hai xente contratada porque ás veces as necesidades son unhas e outras veces son outras, dille que é algo evidente, xa que o traballo da rúa ten os seus altibaixos e acláralle que o concello non ten albaneis nin carpinteiros. Aínda que neste concello hai uns 40 peóns, moitos cumpren as súas funcións noutros sitios, onde foron destinados no seu día e agora non son quen de podelos mover, por iso, cando no camión do lixo se precisa suplir vacacións, permisos e demais, contrátase á empresa Aníbal Soto, como viñan facendo o seu goberno ou o anterior goberno.

Contesta tamén o concelleiro de servizos, José Andrés Serantes Paineiras, en relación co preguntado pola súa relación coas empresas, que xa contestou na comisión. A relación non é ningunha, son coñecidos; di que é socio da asociación de empresarios e coñece a xente, ademais de que tamén fai un pouco de vida social.

- Respecto das contratacións de persoal hai veciños que lle preguntan se ademais da oficina de emprego do concello hai outra oficina de emprego máis cara Perlío, ¿coñece algo o goberno ao respecto?

A continuación intervén o alcalde que pídelle ao voceiro do grupo municipal socialista que concrete algo máis, pois con estas alusións non sabe a que se refire.

- Respecto dos padróns do lixo no último pleno dixo o alcalde que non se ía utilizar a información que consta no concello respecto do censo de vivendas que non están pagando a taxa do lixo cando todos os membros da Corporación e concretamente o goberno municipal sabe que hai unha cantidade importante de veciños que non atenden ás súas obrigas e os demais están pagando os servizos máis caros, por iso pregunta: ¿ten o goberno municipal pensado actuar nese sentido e practicar algunha regularización do padrón do lixo?

Contéstalle o alcalde que xa lle dixo que a unha persoa que representa a unha empresa que estaba presentando altas, baixas e modificacións catastrais neste concello, encargóuselle un traballo que era a revisión e actualización do censo do abastecemento e saneamento e se lle facilitaron os datos do padrón e vostede sabe que iso non se pode facer, non se lle pode facilitar a un terceiro os datos sen ter vinculación ningunha co Concello. Os datos de investigación que puidera ter feito esa persoa non os van utilizar porque os considera ilegais. Outra cousa é se o goberno vai mirar de actualizar o padrón e realizar as revisións e actualizacións que haxa que facer, ao que contesta que legalmente e correctamente si.

- Hai uns meses preguntaron polo que sucedía na parcela catastral 6509303NJ6160E que está ao lado da parcela de Salvamento Marítimo e que o alcalde daquela semellaba non saber que parcela era, pero si sabía que se estaban facendo unhas obras para unha instalación de padel. Na última Comisión de Urbanismo díxose que a parcela é de Fene e que se estaban facendo unhas instalacións de padel, por iso pregunta ¿por que se espera a que se abran as instalacións para tomar medidas cando sabían perfectamente de que se estaba falando e que instalación se estaba facendo?. Preocúpalle e por iso quere preguntarlle ao alcalde que sentido ten a reforma de usos que se formula



para o polígono, se se trata de normalizar os usos do polígono ou arranxarlle o problema á empresa.

Quere informar que antes desta empresa houbo empresas de Fene e doutros concellos que se interesaron por facer instalacións semellantes e sempre se lles contestou que os usos non o permitían. Se hoxe ou dentro dunhas semanas vanse atopar cunha reforma de usos do polígono que permita que quen actuou ilegalmente vai estar en vantaxe fronte aos empresarios que actuaron correctamente, quere saber por que isto se vai facer e cal é a valoración do alcalde destas actuacións.

Contéstalle a concelleira de urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, que na Comisión de Urbanismo ao dar conta das licenzas outorgadas e dos expedientes de disciplina, tamén se deu conta respecto dunha pregunta da voceira do grupo mixto municipal respecto da actividade dunha nave que ten feita unha solicitude de exposición e venda de pistas de padel tanto permanentes como temporais e diverso material, para o que si que cumpre as condicións.

Logo da pregunta da voceira do grupo mixto municipal sobre a actividade que se facía o alcalde requiriu á Policía Local para efectuar a oportuna comprobación, constantando que se está alugando para a práctica deportiva, o que excede da súa actividade, polo que se iniciou o correspondente expediente e se vai continuar.

Respecto dos cambios de uso do polígono no seu momento, igual que sucedeu coa regularización catastral, xa se deu conta que este goberno ía iniciar de oficio unha modificación, principalmente polas reformas que se están a facer no regulamento que fan que este polígono non cumpra todas as condicións, tamén se está a facer unha nova aprobación do PXOM de Cabanas e entenden que Fene tamén ten que facelo e non xurde por esta actividade, senón porque hai que adaptarse ás novidades. Lembro que estes trámites xa se iniciaron antes da baixa da secretaria municipal.

Sorpréndelle que se preocupen tanto por esta actividade, cando dende que chegaron ao goberno poucas naves se construíron e, das que había, preto do 90% carecían de licenza de actividade.

Por alusións, fai uso da palabra o concelleiro do grupo socialista Iván Puentes Rodríguez que di que na comisión a concelleira do grupo mixto preguntou por esta actividade e logo en rogos e preguntas o partido socialista tamén formulou a mesma pregunta. O BNG o día anterior na Comisión de Promoción Económica e Facenda tamén fixo a mesma pregunta. Se se relacionan os usos do polígono e a actividade é porque a propia concelleira de urbanismo na comisión explicou a actividade en relación cos usos do polígono, por iso pide que non deixen por mentireiros aos que estiveron alí.

Seguidamente intervén o alcalde que lle di ao concelleiro Iván Puentes Rivera que se vostedes estiveron na comisión, tamén saberán que no seu momento tamén se deu conta de cando se iniciou o expediente de cambio de usos do polígono e se mandou á Xunta de Galicia, entón os que veñen contar mentiras aquí son vostedes, porque non se enteiran do que pasa na comisión. O que non se pode e vir insinuar que se está instruindo un expediente de cambios de uso no polígono para beneficiar a unha empresa.

- O concello ten unha parcela de uso comercial no polígono de Vilar do Colo. Preguntouse na Comisión se había algunha actuación en perspectiva e contestouse que había unha empresa interesada pero non se dixo cal e quere coñecelo.

Contéstalle o alcalde que o Concello de Fene non ten ningunha parcela de uso comercial e non sabe a que se refire. O Sepes ten unha parcela pendente de vender fronte á gasoliñeira do polígono.

O voceiro do grupo municipal socialista dille que esa é a parcela á que se refire.

O alcalde dille que o que sabe é que veu a directora do Sepes ver esa parcela e as negociacións que poida ter o Sepes cos empresarios que poidan estar interesados nesa parcela as descoñece.

A concelleira de urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, contéstalle que é certo que a directora do Sepes estivo reunida cunha empresa vendo esa parcela. A información que se lle deu ao concelleiro do partido socialista na comisión foi que o concello amosoulle a súa vontade por parte dos técnicos municipais para facer todo o posible para a tramitación da licenza, con independencia de que o chan non sexa de uso de propiedade municipal, xa que a parcela está afectada polo camiño inglés e precisaría dun informe preceptivo dunha comisión específica. En canto as negociacións non saben nada, só tiveron unha reunión respecto da tramitación da licenza no suposto da súa compra.

- Na Comisión de Facenda preguntouse polo custe dos 5.000 calendarios institucionais nos que saen retratados varios membros do goberno en distintos lugares do concello, lugares que non son os mellores que poden retratarse, pois hai estampas máis bonitas. Como na comisión non se lles dixo o custe, gustaríalle que lle dixeran hoxe canto custaron.



Contéstalle o concelleiro de facenda, Juan José Franco Casal, que na comisión ofreceu unha cifra aproximada e que diría a cifra final na vindeira comisión. Di que o custe foi de 3.400 euros.

- O goberno presentou unha APP bilingüe castelán galego para android e iphone co obxecto de mellorar a información á cidadanía respecto a distintos aspectos da vida municipal. Logo de usar a APP di que o bilingüismo non é tal, xa que hai partes que só funcionan en galego e outras só en castelán. Outras utilidades, como as buscas de actividades, por partes non funcionan ben e a sección de avisos aos cidadáns tampouco funciona. Logo disto quere saber: ¿cal é o prazo para que estas deficiencias se solventen?, ¿que empresa fixo estes traballos?, ¿cal é o custe desta APP? e ¿por que se presenta esta ferramenta cando claramente está nun estado de desenvolvemento moi deficiente?.

Contéstalle a concelleira de cultura, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que toma nota de todas as observacións que fixo e di que a aplicación foi traballándose dende o concello coa empresa; respecto das seccións de servizos, considerouse comezar con poucas para logo ir ampliándoas con outras iniciativas. A empresa é Entropía e o custe pode rondar os 700 euros, aínda que agora non o pode confirmar exactamente.

- Respecto do preguntado no anterior pleno polos impresos de pagamento do concello en canto que non daban a información suficiente para facer os pagamentos electrónicos que anunciaban, seguen sen ter información do que pasaba e seguen sen ver ningunha mellora nos formularios para solucionalo. Roga unha explicación ao respecto.

Contéstalle o concelleiro de seguridade Alejandro Dopico Rodríguez, que o pleno foi o xoves e que o venres reuniuse co policía que tramita as multas e fixeron unha proba segundo as indicacións do boletín sen que tiveran ningún tipo problema.

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que o veciño que el coñece estivo na propia caixa do seu banco e tamén o intentaron os traballadores do seu banco e lle foi imposible.

O concelleiro de seguridade insiste en que fixeron a proba e funcionou.

- Roga que se valore o feito de que hai case que 5 anos que o Partido Popular estimou que non era convinte nin necesario para os cidadáns de Fene dispor de persoal de prensa para facer labores de comunicación coa cidadanía, decisión que o seu partido daquela non compartiu pero que acatou porque o pleno maioritariamente o decidiu; así, manter servizos de comunicación permanentes coa cidadanía non é unha actividade lexítima, pero contratar eses servizos dende hai 7 meses, a 7 ou 8 meses das eleccións, para axudar a mellorar os resultados, debe ser lexítimo, por iso quere que o Partido Popular explique o cambio de criterio, sen que se comenten criterios de valoración económica, xa que no seu día lles dixeron que para este tipo de servizos se debían gastar 0 euros dos veciños.

Contéstalle a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que no ano 2007 non vían isto compatible mentres que vostedes seleccionaron a 2 persoas de confianza. A persoa que está aquí cobra uns 400 euros, mentres que os anteriores mesmo pensa que triplicaban esta cantidade. Engade que esta persoa fai asistencia á alcaldía, así como para as publicacións, facebook, APP e web.

- Roga que se proceda a facer un repintado dos pasos de peóns do concello.

- Volven recibir queixas respecto das defecacións dos cans no parque infantil das Casas Verdes, roga que se solucionen.

- Roga que se instalen puntos de luz no túnel que une Marqués de Figueroa con San Valentín.

- Roga que se proceda á limpeza periódica das follas que caen no tramo de madeira do paseo de San Valentín que seguen a provocar esvaróns.

- Roga que se utilice o manual corporativo do concello en todos os eventos que se fan, xa que o logotipo municipal que é de cor verde tinguiuse de cor azul.

- Roga que en atención á lei de normalización lingüística atendan todos os seus contidos e que se corrixa as lendas que figuran en parte dos colectores nas que figuran inscricións só en castelán.



- Roga que se actualice a páxina web, xa que hai seccións que están desactualizadas.

- Recibiron queixas respecto do estado dos viais do polígono Vilar do Colo que teñen fochancas, beiravías sucias ou zonas sen desbrozar.

- En relación cos servizos sociais, algúns veciños lles dixeron que están a sufrir retrasos de 3 ou 4 meses nas solicitudes do RISGA, ¿a que se deben estes retrasos? e ¿hai algunha medida para solucionarlos?.

Contéstalle a concelleira de servizos sociais, Juana Barro Couto, que estas axudas están tardando e ás veces as persoas non traen en prazo toda a documentación, a cal cada vez é máis mirada na Xunta.

- Traslada unha petición da voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que tivo que ausentarse do Pleno e pediulle que fixeran unha pregunta respecto da caravana de reis, pois chegoulle información de que houbo problemas cos nenos que estaban apuntados na caravana á hora de recoller a roupa, de xeito, subiron nenos que non estaban apuntados, quedando fóra nenos que si figuraban como apuntados, por iso pregunta, ¿por que se produciu isto? e ¿vaise tomar algún tipo de medida para evitar que volva suceder?

Contéstalle a concelleira de cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que achegaranlle as preguntas á Asociación O Tadetas.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Sábese algo da finalización da segunda fase do polígono?

Contéstalle o alcalde que non hai novas recentes. As parcelas comerciais están case todas en Cabanas. Todo se retrasou porque había discrepancias coas parcelas dotacionais e estaba pendente a delimitación do Camiño Inglés, así como a finalización dunha infraestrutura na zona de Limodre, que segundo o concelleiro Manuel Polo Gundín eran unhas balsas de decantación, inda que a Directora Xeral do Sepes dixo que o descoñecía.

- Varias empresas estiveron interesadas en poñer pistas de padel e, como non era posible, o desbotaron, agora unha empresa o fai de forma ilegal e se premia. ¿Cal é o criterio do goberno respecto das autorizacións?

Contéstalle o alcalde que os expedientes están arriba para ser consultados e pregúntalle se alguén lles priva de velos para que veñan aquí, por falla de información, a terxiversar. Engade que a modificación dos usos do polígono vén de moito atrás, moito antes desta comunicación previa.

- ¿Para quen traballa o gabinete de prensa, para o concello ou para o PP? Comprobamos de xeito reiterado que as novas saen antes no blog do PP que na prensa, ¿pagan con cartos do concello a publicidade do PP?

Roga que os cartos do concello se usen para o concello e non para beneficio do PP.

- Pide explicacións sobre o acontecido na cabalgata de reis, xa que cando pasou por Marqués de Figueroa só estaban acesas dúas luces e houbo falla de organización na suba dos nenos ao palco.

Contéstalle o alcalde que estivo nela toda a tarde e non tivo constancia das arcadas. O temporizador está ata as 19.00 h. Di que houbo descoordinación na suba ao palco e xa se lle dixo á asociación coa que colabora o concello que era conveniente pór entrada e saída; finalmente entraron polos dous lados con membros de protección civil sen ningún problema.

- ¿Hai constancia dos vertidos en San Valentín e na praza de Correos? Pregunta se se tomaron medidas e se se sabe de onde veñen.

Contéstalle o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez que en San Valentín personouse a policía, contactouse con GESECO e dixeron que non era deles. Logo presentouse VIAQUA e abriuse un expediente informativo. A oficina técnica pensa que puido quedar sen conectar. En relación coa oficina de Correos hai un expediente aberto e todo apunta a que vén dunha vivenda.

- ¿Contestáronse por parte do Catastro as alegacións dos veciños derivadas da regularización?



Contéstalle o alcalde que viñeron poucas contestacións, pero si algún requirimento de documentación.

- Roga que se faciliten as altas catastrais pedidas hai meses.
- Di que hai 10 ou 11 traballadores, así como a bibliotecaria contratándose de xeito continuo, roga que se volvan facer listaxes de substitucións.

- Roga que se intensifique a campaña de desratización, xa que en decembro as ratas entraron no ximnasio da Casa da Cultura.
- Roga que se arranxe o anaco que hai diante o cine Adriano para que se poida andar cando chove.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 19:35 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas